

Mércores, 31 de xullo de 2024

Núm. 148

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL**

VILAGARCÍA DE AROUSA

Presupostos e cadros de persoal*APROBACION INICIALORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2024**EDICTO*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2024, o Orzamento Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu Organismo Autónomo FPSDM correspondente ao exercicio económico de 2024, no que se inclúe o anexo de inversións, a operación de crédito que a financia, o teito de gasto non financeiro para o exercicio 2024, as bases de execución, así como o cadro de persoal (plantilla), relación de postos de traballo, convocatoria de procedemento promoción interna e oferta de emprego público.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e disposicións concordantes, exponse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles, que comezarán a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Asdo: Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

